LITERATURA DRAMÁTICA
PAU 2027
CIRCULAR INFORMATIVA

Estimadas e estimados colegas:

Como no curso anterior para a PAU 2027:

1. Haberá un só modelo de exame no que polo menos un 25 % das preguntas será obrigatorio e non terá optatividade.

2. Polo menos ese 25% de preguntas obrigatorias terá un deseño competencial.

O exame, como se pode ver no modelo, terá a seguinte estrutura:

Pregunta 1, creación de textos (sen optatividade interna) (2,5 puntos)
Pregunta 2, saberes básicos (2,5 puntos)
Dous apartados, para escoller un.
Pregunta 3, expresión do criterio persoal (2,5 puntos)
Dous apartados, para escoller un.
Pregunta 4, interpretación de obras teatrais (2,5 puntos)
Dous apartados, para escoller un.

Os tipos de preguntas e a distribución son exactamente os mesmos que se utilizaron na PAU 2026, polo que o alumnado terá que contestar catro preguntas. E no referente aos contidos propoñemos un cambio no listado de obras: substitúese a obra *Dicir non* de Griselda Gambaro por *Antígona furiosa* da mesma dramaturga co fin de equilibrar o peso das lecturas de cada un dos bloques propostos e porque esta nova incorporación permitirá o estudio da intertextualidade entre textos clásicos e propostas contemporáneas.

O modelo de exame que propoñemos está baseado no que saíu na ABAU de xuño deste ano 2025.

OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA E CONTIDOS

As obras que serán empregadas para realizar a pregunta 4 son 4 a elixir 1 de cada un dos bloques cronolóxicos:

	A	B
O teatro na Antigüedade clásica	Sófocles, *Edipo Rey / Edipo Rei*	Aristófones, *Lisístrata*
Renacemento e Clasicismo	W. Shakespeare, *Otelo*	Moliére, *Tartufo*
O drama moderno	H. Ibsen, *Casa de muñecas /Casa de bonecas*	A. Chéjov, *El jardín de los cerezos/O xardín do cerdeiral*
A renovación teatral no século XX	G. Gambaro, *Antígona furiosa*	L. Pirandello, *Seis personajes en busca de autor/Seis personaxes á procura de autor*

Debido a que algúns dos termos propostos en cursos anteriores resultaban pouco operativos para a análise das obras seleccionadas, e posto que o obxectivo non é a súa mera memorización, senón a correcta identificación e aplicación en textos dramáticos concretos, revisouse a selección terminolóxica. En consecuencia, elimináronse aqueles conceptos menos pertinentes e incorpóranse outros adecuados para o estudo das lecturas do corpus. A nova relación de termos é a seguinte (os conceptos de nova incorporación aparecen sombreados):

ACCIÓN DRAMÁTICA

ACOUTACIÓN

ACTO

ANAGNÓRISE

ANTAGONISTA

APARTE

ARCO OU XIRO DA PERSONAXE

CATARSE

CARACTERIZACIÓN

CLÍMAX

COMEDIA

CONFLITO DRAMÁTICO

CORO

CRÍTICA SOCIAL

CUARTA PAREDE

DIÁLOGO

DIDASCALIA

DRAMA

DRAMATIS PERSONAE

ESCENA

ESPAZO DRAMÁTICO / ESPAZO ESCÉNICO

FÁBULA

HÉROE TRÁXICO

HYBRIS

IDEOLECTO

IRONÍA DRAMÁTICA

METATEATRO

MONÓLOGO

PARALENGUAXE

PARLAMENTO

PROTAGONISTA

REESCRITURA DO MITO E INTERTEXTIALIDADE

SIMBOLISMO

SOLILOQUIO

TEATRO BURGUÉS

TEATRO DRAMÁTICO

TEATRO ÉPICO

TEATRO POSTDRAMÁTICO

TEATRO POLÍTICO

TEMPO DE FICCIÓN OU REFERENCIAL / TEMPO DRAMÁTICO O ESCÉNICO

TRAXEDIA

TRAXICOMEDIA

TRAMA

TRES UNIDADES, REGLA DAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Canto aos criterios de avaliación, serán semellantes aos empregados nesta última ABAU 2026:

PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS (2,5 puntos). Creación dunha escena/secuencia orixinal a partir dunhas pautas dadas ou invención creativa complementaria partindo dun fragmento dramático dado.

1.1. Adecuación coherente ás pautas propostas e texto de partida, así como demostración do coñecemento dos trazos formais dun texto dramático (1,25 puntos).
1.2. Orixinalidade no plantexamento e desenvolvemento da escena/secuencia dramática (0,25 puntos).
1.3. Adecuación da linguaxe dos personaxes ás súas características psicolóxicas e á evolución do conflito dramático (0,25 puntos).
1.4. Dominio da acción dramática e da progresión do conflito (0,50 puntos).
1.5. Presenza de trazos de estilo e calidade literaria (0,25 puntos).

PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS (2,5 puntos). Pregunta de desenvolvemento teórico e conceptual dun aspecto básico da literatura dramática tendo en conta o listado de conceptos propostos e no que se pide, polo menos, a mención dun exemplo dunha obra vista ou lida en clase relacionado con ese concepto; dependendo da súa complexidade poderá solicitarse un ou dous termos:

1.1. Precisión na definición (1 punto).
1.2. Valoración da súa funcionalidade e relevancia na escritura dramática (1 punto).
1.3. Mención e adecuada contextualización de exemplos. Pídese que se cite obras vistas ou lidas na clase e que se relacione correctamente o concepto coa obra/s (0,50 puntos).

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSONAL (2,5 puntos). O obxectivo da pregunta é que o alumnado desenvolva libremente un comentario crítico, razoado e persoal a partir dunha cita sobre dramaturxia no que se evidencien os coñecementos teóricos adquiridos na aula e a súa capacidade reflexiva.

3.1. Precisión dos conceptos empregados (1,25 puntos).

3.2. Argumentación crítica e valorativa (1,25 puntos).

PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRAIS (2,50 puntos). Comentar e analizar un fragmento das obras propostas engadindo unha reflexión crítica persoal:

1. Identificación da obra e da autoría, do xénero e do subxénero; localización do fragmento respecto á totalidade da obra; relación co contexto histórico ao que pertence e identificación dalgunhas características propias do movemento literario ao que pertence (0,25 puntos).

2. Análise do contido: capacidade de síntese ao efectuar o resumo do fragmento proposto; identificación, xustificación e valoración do tema, subtema, motivos e tópicos presentes, xunto á determinación do conflito da escena co seu correspondente clímax, se houber; descrición e xustificación da estrutura interna coa división correspondente en partes (1 punto).

3. Análise da forma: descrición e xustificación da estrutura externa e interna coa indicación dos apartados do texto; caracterización dos personaxes e función que desempeñan no fragmento; análise do diálogo, das anotacións escénicas, do espazo e do tempo dramático, así como dos aspectos textuais e recursos literarios (1 punto).

4. Valoración crítica persoal fundamentada, na que se terá en conta positivamente que o alumnado relacione o texto ou algún dos seus elementos con outras obras dramáticas ou con outras linguaxes artísticas, como o cinema (0,25)

No novo decreto fálase de que, en toda pregunta que implique redacción, o valor mínimo da corrección formal e ortográfica do texto debe ser o 10 %. Dado que no noso exame todas as preguntas implican redacción, consideramos que o máis práctico será aplicar esta norma no conxunto do exame: unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, haberá que ter en conta a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 1 punto por erros ortográficos e por erros no uso do léxico.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de mantermos en permanente contacto co profesorado da materia.

2. Non mantemos correspondencia coas alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ao profesorado dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou no que se matricula para as probas.

Vigo, 08 de setembro de 2026

Carmen Luna Sellés

Directora do Grupo de traballo de Literatura dramática.